

NOTA DE PRENSA

Ti que fase? Eu xogo ao Xadrez



A Concellería de Educación, a Asociación Cultural Xaquedrum coa colaboración de Confecciones Yute, Sogama, El Progreso, Telulugo, organizan a campaña Ti que Fas? Eu xogo ao xadrez.

Escola Municipal de Xadrez

Quique Setián -dunha forma desinteresada- cede a súa imaxe para publicitar a Escola Municipal de Xadrez.

Acábase de abrir o prazo para a inscrición na escola municipal de xadrez. O prazo dura ata o 30 de setembro.

A reserva de prazas faise por rigorosa orde de inscrición. Os grupos son reducidos e hai un límite de prazas.

Na escola municipal pódese participar dende os catro anos. E hai grupos de pre-xadrez, de iniciación, de perfeccionamento e para adultos. Ademais, este ano, a petición das nais, a Escola Municipal de Xadrez organizará un grupo para as nais, o cal, está tendo unha grande acollida.

Xadrez na rúa e baúl Viaxeiro.

Ti que fas? Eu xogo ao xadrez.

Esta semana continúa a actividade de Xadrez na rúa e baúl viaxeiro. Unha actividade que terá como protagonistas o xadrez e a lectura.

A actividade consiste en partidas de xadrez guiadas por monitores no taboleiro xigante da Praza Maior de luns a vernes desde as 17:00 as 20:00 horas. O seu obxectivo é achegar aos cidadáns o deporte do xadrez e promover a súa práctica a través de torneos e do ensino das súas técnicas.

Ademais, se o tempo o permite, instalárase tamén o baúl viaxeiro para que os que se acheguen ata a Praza Maior podan ler mentres agardan para xogar ou simplemente polo pracer da lectura. Estas actividades que están orientadas a ofrecer unha alternativa de ocio educativo aos nenos e maiores.

UN INSTRUMENTO PEDAGÓXICO DE PRIMEIRA MAGNITUDE

A Escola Luguesa de Xadrez ao xadrez constitúe un dos múltiples eventos que leva a cabo Xaquedrum coa pretensión de que cada vez sexan máis os que ocupen parte do seu tempo na práctica do xadrez.

O xadrez, máis aló de ser concibido como un xogo ou un deporte, constitúe un instrumento pedagóxico de primeira magnitude para o desenvolvemento intelectual das persoas, como así teñen constatado diferentes investigacións científicas. Tal chega a ser a súa incidencia na formación educativa dos escolares, que a propia UNESCO recomendou oficialmente, no ano 1995, a todos os países membros a súa incorporación ao programa curricular do ensino primario e secundario.

E é que, con algo tan simple como un taboleiro, 32 pezas e dúas mentes pensantes, lógrase desenvolver e incrementar un bo número de habilidades cognitivas nos pequenos, que poderán utilizalas en distintas áreas de coñecemento. Porque o xadrez aumenta a capacidade de concentración e prevén o fracaso escolar, exercita a memoria, tanto a curto como a longo prazo, desenvolve o razonamento lóxico matemático, mellora a capacidade de resolución de problemas e toma de decisións, incrementa a autoestima e afán de superación (cada partida é un novo reto para o xogador), e axuda a aprender a reflexionar, planificar e previr, debendo anticiparse ás respostas do contrario.

De feito, a Universidade alemá de Treveris, tras máis de catro anos de estudos, verificou que a capacidade matemática e de lectura dos xadrecistas é o dobre de boa que a do promedio de alumnos, e que as súas capacidades lingüísticas son tres veces mellores respecto dos que non xogan ao xadrez. Tras estas conclusións, varias escolas da cidade de Dresden procederon a substituír unha hora de matemáticas semanal por unha de xadrez.

Ademais, a práctica desta disciplina segue a ter efectos positivos na idade adulta e a vellez, chegando ata a previr a enfermidade de Alzheimer, a forma máis frecuente da demencia senil.

RECOMENDACIÓN EUROPEA

E é que as vantaxes que trae consigo o xadrez non é algo novo. Xa a Comisión Europea, consciente das mesmas, recomendou incorporar a práctica do mesmo ao

Ti que fas? Eu xogo ao xadrez.

deseño curricular escolar pola súa importancia crave no proceso formativo de futuros adultos. A introdución no ámbito académico lucense está xa garantido por parte de Xaquedrum, sendo esta asociación un punto de referencia a nivel autonómico e nacional.

ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE XADREZ

Quique Setien
ADESTRADOR DO C. S. LUGO

Desde os 4 anos - Grupos de adultos
Duración: De outubro a maio

Matriculación: Custo da matriculación 20 euros
Custo escola 12 euros ao mes

Becas: Haberá bolsas de axuda

PLAZAS: 175

WWW.XAQUEDRUM.ES

+INFORMACIÓN
CASA DAS ASOCIACIÓNS
Parque da Miapresa S/N, 15001
xaquedrum@gmail.com
657 928 937

ESM
ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL
XADREZ

Concello de Lugo
SODAMA
PROGRESO
SANTO ESTEBAN
Tubalga
ZORAK

Asociación Cultural Xaquedrum
Pablo Castro Girona
<http://xaquedrum.es/>

Ti que fas? Eu xogo ao xadrez.